

OS EMBAIXADORXS DESTINO EUROPA DE EUROPE DIRECT A CORUÑA INICIAN A CAMPAÑA ONLINE DE DIFUSIÓN DE INICIATIVAS EUROPEAS ENTRE A MOCIDADE

Publicado por notici20 | Abr 10, 2023 | A CORUÑA, ESPAÑA, GALICIA | 0    

 Os Embaixadorxs Destino Europa de EUROPE DIRECT A Coruña inician a campaña online de difusión de iniciativas europeas entre a mocidade

Dez mozos e mozas da provincia da Coruña serán durante as vindeiras tres semanas Embaixadorxs Destino Europa e axudarán difundir as iniciativas da Unión Europea para a mocidade a través das súas redes sociais.

Esta campaña de EUROPE DIRECT A Coruña comeza o 11 de abril e poderá seguirse a través da rede social Instagram baixo o cancelo #Embajadorxs2023 ata o día 30 deste mes. Durante este tempo, dez mozos e mozas da provincia de entre 18 e 25 anos compartirán entre os seus seguidores información de programas como o Erasmus Plus, o Erasmus for Young Entrepreneurs, o Corpo Europeo de Solidariedade, as iniciativas EU Youth Dialogue e o European Youth Event, a Garantía Xuvenil, a rede EURES, o concurso DiscoverEU e o Interreg Volunteer Youth.

O grupo de embaixadores participará en dúas reunións online preparatorias nas que se lles proporcionará información precisa para desenvolver o seu papel. A primeira terá lugar este luns 10 de abril e nela terán a oportunidade de coñecerse e recibir apoio e formación para levar a cabo a campaña. No segundo encontro, que se celebra o martes 11, terán a oportunidade de conversar co responsable de Comunicación da Representación da Comisión Europea en España e con outros mozos e mozas que tamén serán embaixadores polos centros EUROPE DIRECT de Ciudad Real e Asturias, que colaboran con EUROPE DIRECT A Coruña para darlle unha dimensión estatal á iniciativa.

Unha vez realizado o seu labor de embaixadorxs, os e as participantes serán premiados cun bono Interrail Global Pass, que lles permitirá viaxar por Europa durante un mes cun número total de sete días de transporte en ferrocarril.

EUROPE DIRECT organiza esta actividade dentro da programación do ClubUE, un espazo virtual pensado para achegar a mozos e mozas as oportunidades que existen dentro da UE. O obxectivo da proposta é implicar á mocidade da provincia para que se active como cidadanía europea e tamén achegar información sobre as oportunidades da UE á xente moza.

COMPARTIR:



TARIFA:



< ANTERIOR

Pavimentos LVT: suelos vinílicos de lujo

SIGUIENTE >


Maite Ferreiro presenta os datos turísticos de Lugo da Semana Santa

SOBRE EL AUTOR




notici20

ARTÍCULOS RELACIONADOS

 ADEGA trasladada á Fiscalía


Xeral do Estado a denuncia contra o indulto millonario

 ADEGA trasladada á Fiscalía


Xeral do Estado a denuncia contra o indulto millonario da Xunta a Greenalia

6 de marzo de 2023



 O Grupo Socialista propón

declarar os Montes do Gato, Brañas do Deo e Serra da

 O Grupo Socialista propón

declarar os Montes do Gato, Brañas do Deo e Serra da Cova da Serpe como parque natural

14 de abril de 2023

O PP de Foz denuncia que o equipo de goberno "sumiu a vila no caos dando unha imaxe moi negativa en temporada de verán"

8 de agosto de 2023

Antela sempre é noticia cando se fala de humedais

22 de agosto de 2023

DEJA UNA RESPUESTA

Tu dirección de correo electrónico no será publicada. Los campos obligatorios están marcados con *

COMENTARIO

NOMBRE *

CORREO ELECTRÓNICO *

WEB

PUBLICAR COMENTARIO



[Texto Legal](#) | [Política de Privacidad y de Cookies](#)

CONTACTO CON 21NOTICIAS

redaccion@21noticias.com

publicidad@21noticias.com

direccion@21noticias.com

admin@21noticias.com

